

Ampliación Unidade 1.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura

A espada relucía metida nunha furna de cristal. O metal resplandecía coma se fose novo e os tres rapaces non podían quitarlle os ollos de enriba.

—É preciosa —suspirou Estrela.

—Si. Unha auténtica obra de arte —confirmou Branca.

Un vello que miraba a espada xunto deles observounos e sorriu.

—E cunha gran historia...

Os tres puxeron os ollos naquel vello de pelo branco que se sostiña nun bastón.

—Non vos esquezades da súa historia —engadiu mentres marchaba.

A sala do museo estaba chea de xente vestida de etiqueta. Aquela tarde inaugurábase unha nova exposición que traería xente de todo o mundo. Un cartel enorme na porta rezaba: **GUNNER, O REI LOBO.**

Todos rían e falaban por grupos. Estaban as autoridades da cidade, encabezadas polo alcalde, algúns xornalistas e fotógrafos, e mesmo algúns estranxeiros que se mantiñan afastados.

Berto, Branca e Estrela eran os únicos rapaces naquela sala. Branca empuxaba a cadeira de rodas polo medio da xente mentres non paraban de rir e de contarse cousas.

—E pensar que todo comezara co roubo dun óso —dixo Berto. Xa pasaran dous meses, pero non podían esquecerlo. Sobre todo porque con aquel roubo coñeceran a Estrela, e agora eran inseparables.

—Que vos parece se saímos dar unha volta —preguntou Branca. Os tres estiveron de acordo. Fóronllo dicir aos pais de Berto, que falaban co pai de Estrela e cun par de persoas máis, e logo dirixíronse á entrada.

Fóra, o aire era morno. O sol xa iniciara o seu devalar e pronto chegara a noite. O parque estaba baleiro. Agás eles tres, non había ninguén fóra. Decidiron ir sentar nun dos bancos que puxeran xunto ao estanque, baixo as pólas das árbores que o vento abaneaba. Alí sentados quedaron en silencio.

Ao lonxe un home camiñaba cara ao museo.

—Así que o teu pai te vai matricular na nosa escola —díxolle Branca a Estrela, aloumiñándolle as mans.

—Si, irei con vós.

—É unha gran noticia —celebrou Berto.

—Cómpre festexalo dalgunha maneira —propuxo Branca.

—Cunha merenda? —as merendas eran a perdición de Berto.

O home achegouse ao museo pero non entrou. Dirixiuse cara a eles.

—Por que pensas tanto na comida?

—Non sei, debe ser cousa da idade.

Só cando o tiveron ao lado miraron para el. Era un home pequeno e fraco. Vestía roupas gastadas baixo unha gabardina, e tamén levaba un sombreiro. A súa faciana era dura e os seus ollos penetrantes. A mirada, concentrada en Berto, era sanguenta e ameazadora. A Berto custoulle recoñecelo.

—Volvémonos ver... —durante uns segundos, Berto quedou tan abraiado que non puido reaccionar. O conserxe estaba diante del—. É a hora da miña vinganza.

Os tres rapaces quedaron paralizados. Estrela mirou aos lados buscando algunha axuda pero alí só estaban eles.

—Tiñaste por moi listo, rapaz... pero non podes escapar agora —o conserxe sacou unha pistola e apuntou a Berto directamente ao peito. Branca deixou escapar un berro.

—Esa espada tiña que ser miña —continuou—, e ti roubáchesma, e tes que pagar por iso...

Berto aguantaba a respiración, inmóbil.

Entón, todo sucedeu a cámara lenta. O vello que estivera falando con eles levantou o bastón e zoupoulle na cabeza ao conserxe, que caeu esborrallado no chan, sen sentido.

Ningún dos tres rapaces se moveu.

O vello sorriu e sinalou a Branca:

—Será mellor que vaias avisar a algún policía ao museo. Seguro que che agradecen poder pescar este malandrín.

Branca asentiu e levou con ela a Estrela. Berto quedou co vello e co conserxe, que xacía no chan.

—Grazas —bisbou—. Se non fose por vostede...

O vello mirouno cos seus ollos grises. No seu rostro cheo de engurras pintouse un aceno de ledicia.

—Espero non vivir máis aventuras coma esta.

O vello escoitou as palabras do rapaz e logo deu media volta.

—Vivíralas, fillo, vivíralas.

E despediuse coa man mentres se perdía no parque. Faltáballe o dedo maimiño.

Ampliación Unidade 1.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Comprensión lectora

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas da historia?

Berto, Branca e Estrela.

- Onde transcorre?

Nunha sala do museo e fóra del.

- Que lles chamaba a atención aos rapaces?

Unha espada

- Que outros dous personaxes aparecen no relato?

Un vello apoiado nun bastón e o conserxe.

- Quen salva a Berto, o vello ou o conserxe?

O vello. O conserxe quería vingarse de Berto.

- Que lle di o vello a Berto cando marchaba?

Que vivirá máis aventuras coma a que acaba de vivir.

2. Busca as palabras seguintes no dicionario e anota o seu significado.

- Morno, devalar, abaneaba, bisbou, aceno, maimiño.

Morno: Lixeiramente quente; devalar: pórse; abaneaba: mover, facer oscilar sen sen cambiar de lugar; bisbou: murmurou; aceno: movemento ou sinal que se fai coa man, coa cabeza, cos ollos ou con outra cousa para expresar algo sen palabras maimiño: o quinto dedo da man.

3. Inventa un final diferente para o relato. Resposta libre.

Ampliación Unidade 1.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

1. Completa.

- Na palabra, o lexema é a parte que nos informa sobre o seu significado.
- Os morfemas son partículas que se unen aos lexemas para indicar o seu xénero, número, etc, ou tamén para formar palabras novas.
- Os morfemas poden ser: flexivos ou derivativos.
- Son morfemas flexivos os que se empregan para indicar o xénero e o número e os que indican o tempo, a persoa e o modo nos verbos.
- Derivativos: serven para formar palabras derivadas a partir dunha palabra primitiva. Poden ser prefixos, se van diante, ou sufixos, se van detrás.

2. Separa en lexemas e morfemas as seguintes palabras.

	Lexema	Morfema
Toxeira	tox-	-eira
Cazadoras	caz-	-ador, -a
Impresentable	present-	im-, -able
Xornalista	xornal	-ista
Descoñecidos	coñec-	des-, -idos

3. Que palabras da actividade anterior levan morfemas flexivos? E cales derivativos?

Flexivos: impresentable, descoñecidos. Derivativos: toxeira, cazadoras, impresentable, xornalista, descoñecidos

4. Forma palabras cos morfemas seguintes e escribe unha oración con cada unha.

- -iñas
- hiper-
- -al
- -ble
- im-
- re-

Resposta libre.
